

SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

TEMA 6- LEI 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

1. De acordo co artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para:

- a) O cumprimento e a realización de todos os seus fins.
- b) O cumprimento e a realización dos seus fins institucionais.
- c) O cumprimento e a realización dos seus fins económicos.

2. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con:

- a) Seis meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.
- b) Tres meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.
- c) Dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

3. Segundo o artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos de subministracións e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de:

- a) Dez anos, incluídas as posibles prórrogas.
- b) Cinco anos, incluídas as posibles prórrogas.
- c) Oito anos, incluídas as posibles prórrogas.

4. Segundo o artigo 29.8 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos menores definidos no apartado primeiro do artigo 118 non poderán:

- a) Ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.
- b) Ter unha duración superior a catro anos nin ser obxecto de prórroga.
- c) Ter unha duración superior a oito anos nin ser obxecto de prórroga.

5. De acordo co artigo 32.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os poderes adjudicadores poderán organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio de:

- a) Unha compensación tarifaria.
- b) Unha compensación.
- c) Unha opción de compra.

6. De conformidade co artigo 34.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos contratos do sector público poderá incluírse calquera pacto, cláusula e condición, sempre que non sexan contrarios:

- a) Ao ordenamento xurídico.
- b) Á lei.
- c) Ao costume.

SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

7. Segundo o artigo 34.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, só poderán fusionarse prestacións correspondentes a diferentes contratos nun:

- a) Contrato plural.
- b) Contrato individual.
- c) Contrato mixto.

8. De acordo co artigo 36.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos que celebren os poderes adxudicadores, con algunhas excepcións, perfecciónanse coa súa:

- a) Formalización.
- b) Lectura.
- c) Entrega.

9. De acordo co artigo 36.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, salvo que se indique outra cousa no seu clausulado, os contratos do sector público entenderanse celebrados no lugar onde se atope a sede:

- a) Do órgano de contratación.
- b) Dunha das partes.
- c) Do empresario.

10. Segundo o artigo 38.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos celebrados polos poderes adxudicadores, incluídos os contratos subvencionados a que se refire o artigo 23, serán inválidos cando concorran neles algunha das causas que os invalidan de conformidade coas disposicións do:

- a) Dereito civil.
- b) Dereito penal.
- c) Dereito político.

11. De conformidade co artigo 42.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, cando sexa firme, suporá a nulidade de:

- a) O mesmo contrato.
- b) Só unha parte do contrato.
- c) Só os actos preparatorios.

12. De conformidade co artigo 42.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con relación á declaración de nulidade, a parte que resulte culpable deberá indemnizar a contraria de:

- a) Os danos morais unicamente.
- b) Os danos e perdas que sufrise.
- c) Os danos e perdas que non sufrise.

13. De conformidade co artigo 44.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a:

- a) Dez millóns de euros.
- b) Seis millóns de euros.
- c) Tres millóns de euros.



SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

14. De conformidade co artigo 44.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os contratos de subministracións cuxo valor estimado sexa superior a:

- a) 100.000 euros.
- b) 3.000.000 euros.
- c) 6.000.000 euros.

15. De conformidade co artigo 44.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa superior a:

- a) 100.000 euros.
- b) 3.000.000 euros.
- c) 6.000.000 euros.

16. De conformidade co artigo 44.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os contratos de concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado sexa superior a:

- a) 100.000 euros.
- b) 3.000.000 euros.
- c) 6.000.000 euros.

17. De conformidade co artigo 44.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contratos serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos?:

- a) Os contratos privados.
- b) Os contratos mercantís.
- c) Os contratos administrativos especiais.

18. De acordo co artigo 44.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non se dará este recurso en relación cos procedementos de adjudicación que se sigan polo trámite de:

- a) Emerxencia.
- b) Extrema rapidez.
- c) Necesidade.

19. De acordo co artigo 44.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a interposición do recurso especial en materia de contratación terá:

- a) Carácter obrigatorio e non será gratuíto para os recurrentes.
- b) Carácter potestativo e será gratuíto para os recurrentes.
- c) Carácter obrigatorio e será gratuíto para os recurrentes.

20. De conformidade co artigo 45.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais estará adscrito ao:

- a) Ministerio de Deportes.
- b) Ministerio de Cultura.
- c) Ministerio de Facenda e Función Pública.

SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

21. De conformidade co artigo 45.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais estará composto por:

- a) Un presidente e un mínimo de dous vogais.
- b) Un mínimo de dous vogais unicamente.
- c) Un presidente unicamente.

22. De conformidade co artigo 45.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, o incremento do número de vogais require:

- a) Acordo dun xefe de servizo.
- b) Acordo dun ministro.
- c) Acordo do Consello de Ministros.

23. De acordo co artigo 45.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a designación do presidente e dos vogais deste Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais realizarase polo:

- a) Goberno.
- b) Rei.
- c) Senado.

24. De conformidade co artigo 48 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, poderá interpoñer o recurso especial en materia de contratación calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados:

- a) De maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- b) Só de maneira directa, polas decisións obxecto do recurso.
- c) Só de maneira indirecta, polas decisións obxecto do recurso.

25. De acordo co artigo 49.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que prazo ten o órgano de contratación para presentar as alegacións que estime oportunas sobre a solicitude de adopción de medidas cautelares:

- a) Dous días hábiles.
- b) Dez días hábiles.
- c) Quince días.

26. De conformidade co artigo 50.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o procedemento de recurso iniciárase mediante:

- a) Oficio.
- b) Nota interior.
- c) Escrito.

27. De conformidade co artigo 50.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o prazo de presentación do recurso é de:

- a) 1 día hábil.
- b) 15 días hábiles.
- c) 30 días hábiles.

SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

28. De acordo co artigo 51.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que prazo ten o interesado para emendar os defectos que poidan afectar o escrito de interposición do recurso?:

- a) 1 mes.
- b) 20 días hábiles.
- c) 3 días hábiles.

29. De conformidade co artigo 52.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, se o interesado desexa examinar o expediente de contratación de forma previa á interposición do recurso especial, deberá solicitarllo ao:

- a) Rei.
- b) Valedor do Pobo.
- c) Órgano de contratación.

30. De acordo co artigo 52.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a presentación da solicitude de acceso ao expediente:

- a) Non paralizará en ningún caso o prazo para a interposición do recurso especial.
- b) Paralizará sempre o prazo de interposición do recurso especial.
- c) Paralizará nalgúns casos o prazo de interposición do recurso especial.

31. De conformidade co artigo 54 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as comunicacións e o intercambio de documentación entre os órganos competentes para a resolución dos recursos, os órganos de contratación e os interesados no procedemento faranse:

- a) Por medios electrónicos.
- b) Por correo ordinario.
- c) Por carta.

32. Segundo o artigo 55 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a que órgano lle corresponde, tras a reclamación e o exame do expediente administrativo, declarar a inadmisión do recurso:

- a) Ao órgano encargado de resolvelo.
- b) Ao órgano de contratación.
- c) Ao órgano de adxudicación.

33. De conformidade co artigo 56.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a práctica das probas anunciarase aos interesados:

- a) Cunha antelación de dous meses.
- b) Cunha antelación dun mes.
- c) Con antelación suficiente.

34. De acordo co artigo 57.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, unha vez recibidas as alegacións dos interesados, ou transcorrido o prazo sinalado para a súa formulación, e o da proba, se é o caso, o órgano competente deberá resolver o recurso:

- a) Dentro dos tres meses seguintes.
- b) Dentro do mes seguinte.
- c) Dentro dos cinco días hábiles seguintes.

SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

35. Segundo o artigo 57.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, unha vez transcorridos dous meses contados desde o seguinte á interposición do recurso sen que se notifique a súa resolución, o interesado poderá consideralo:

- a) Desestimado.
- b) Estimado.
- c) Estimado parcialmente.

36. De conformidade co artigo 58.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no caso de que o órgano competente aprecie temeridade ou mala fe na interposición do recurso ou na solicitude de medidas cautelares, poderá acordar a imposición dunha multa:

- a) Ao órgano de contratación.
- b) Ao que non fose responsable desta.
- c) Ao responsable desta.

37. Segundo o artigo 59.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, contra a resolución ditada no recurso especial só caberá a interposición de:

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso de alzada.
- c) Recurso contencioso-administrativo.

38. De conformidade co artigo 59.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que órganos poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, incluída a resolución do recurso?:

- a) Os competentes para a resolución do recurso.
- b) Os competentes para a tramitación do recurso.
- c) Os competentes para a adxudicación do contrato.

39. De acordo co artigo 61.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde a:

- a) Os órganos de adxudicación.
- b) Os órganos de contratación.
- c) Os empresarios.

40. De conformidade co artigo 62.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o responsable do contrato será designado por:

- a) O órgano de contratación.
- b) O empresario.
- c) O órgano de adxudicación.

41. De acordo co artigo 62.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos contratos de obras, as facultades do responsable do contrato serán exercidas por:

- a) O empresario.
- b) O director facultativo.
- c) O órgano de adxudicación.

SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

42. De conformidade co artigo 63.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a quen lle corresponde difundir exclusivamente a través de Internet o seu perfil de contratante?:

- a) Aos órganos de contratación.
- b) Aos empresarios.
- c) Aos órganos de adxudicación.

43. Segundo o artigo 64.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, aquelas persoas ou entidades que teñan coñecemento dun posible conflito de interese deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do:

- a) Ministerio Fiscal.
- b) Órgano de contratación.
- c) Órgano de adxudicación.

44. De conformidade co artigo 65.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, só poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena:

- a) Capacidade xurídica.
- b) Capacidade física.
- c) Capacidade de obrar.

45. Segundo o artigo 69.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, poderán contratar co sector público as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a formalización destas en escritura pública ata que se efectúe:

- a) A adxudicación do contrato ao seu favor.
- b) A execución do contrato.
- c) A preparación da documentación necesaria para participar na poxa que se convoque.

46. De acordo co artigo 69.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados:

- a) Individualmente.
- b) Solidariamente.
- c) Mancomunadamente.

47. De conformidade co artigo 71.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal das seguintes non é unha prohibición para contratar?:

- a) Solicitar a declaración de concurso voluntario.
- b) Ser sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia profesional que poña en dúbida a súa integridade.
- c) Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou de Seguridade Social.

48. Segundo o artigo 72 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a quen lle corresponde a competencia para apreciar a existencia de prohibicións de contratar?:

- a) Ao órgano de contratación.
- b) Ao Ministerio Fiscal.
- c) Á Mesa.

SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

49. De conformidade co artigo 73.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as prohibicións de contratación, con algunha excepción, comunicaranse para a súa inscrición no:

- a) Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou o equivalente no ámbito das comunidades autónomas.
- b) Rexistro Central de Persoal ou o equivalente no ámbito das comunidades autónomas.
- c) Rexistro Mercantil.

50. De acordo co artigo 74.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar estes indicaranse:

- a) Na páxina web do órgano de contratación.
- b) No anuncio de licitación e especificaranse no prego do contrato.
- c) No anuncio de licitación, pero nunca se especificarán no prego do contrato.

51. De conformidade co artigo 76.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que órganos poderán esixirlles aos candidatos ou licitadores que, ademais de acreditar a súa solvencia ou, se é o caso, clasificación, se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso?:

- a) Os órganos de adxudicación.
- b) Os órganos de contratación.
- c) Os órganos competentes para a liquidación do contrato.

52. De acordo co artigo 77.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, será esixible a clasificación nos contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a:

- a) 5.000.000 euros.
- b) 50.000 euros.
- c) 500.000 euros.

53. Segundo o artigo 77.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, mediante que tipo de norma se poderá exceptuar a necesidade de clasificación para determinados tipos de contratos de obras?:

- a) Real decreto.
- b) Orde ministerial.
- c) Instrución ministerial.

54. De conformidade co artigo 78.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, excepcionalmente, cando así sexa conveniente para os intereses públicos, a contratación da Administración xeral do Estado e dos entes organismos e entidades dela dependentes con persoas que non estean clasificadas poderá ser autorizada polo Consello de Ministros:

- a) Co informe previo da mesa de contratación.
- b) Co informe previo do órgano de contratación.
- c) Co informe previo da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.

55. Segundo o artigo 79.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para proceder á clasificación será necesario que o empresario acredite:

- a) A súa personalidade e capacidade de obrar.
- b) A súa capacidade económica.
- c) Non precisa acreditar nada.

SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

56. De acordo co artigo 80.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os acordos relativos á clasificación das empresas adoptaranse, con eficacia xeral fronte a todos os órganos de contratación, por:

- a) As Xuntas de Persoal.
- b) As Comisións Clasificadoras da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado.
- c) As mesas de contratación.

57. De conformidade co artigo 81 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os acordos relativos á clasificación das empresas adoptados polas Comisións Clasificadoras da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado inscribíranse de oficio:

- a) No Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.
- b) No Rexistro de Persoal.
- c) No Rexistro da Propiedade.

58. De acordo co artigo 82.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a clasificación das empresas terá, en tanto se manteñan polo empresario as condicións e circunstancias en que se baseou a súa concesión:

- a) Unha vixencia temporal de dous meses.
- b) Unha vixencia indefinida.
- c) Unha vixencia temporal de dous anos.

59. De conformidade co artigo 82.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a clasificación será revisable a petición dos interesados ou de oficio pola Administración:

- a) En canto varíen as circunstancias tomadas en consideración para concedela.
- b) Aínda cando non varíen as circunstancias tomadas en consideración para concedela.
- c) Cando se estime oportuno.

60. De acordo co artigo 84.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a capacidade de obrar dos empresarios que foren persoas xurídicas acreditarase mediante:

- a) Declaración xurada.
- b) Declaración responsable.
- c) A escritura ou o documento de constitución, os estatutos ou a acta fundacional.

61. De conformidade co artigo 85 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a proba por parte dos empresarios de non estar incursos en prohibicións para contratar poderá realizarse mediante:

- a) Testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos.
- b) Correo electrónico.
- c) Correo postal.

62. De acordo co artigo 86.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que órgano determina que documentos se han de achegar para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional?:

- a) A mesa de contratación.
- b) A mesa de adxudicación.
- c) O órgano de contratación.

SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

63. Segundo o artigo 96.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte:

- a) A algún dos órganos de contratación do sector público.
- b) A todos os órganos de contratación do sector público.
- c) A todos os órganos de contratación do sector privado.

64. De acordo co artigo 98.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se lle atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias:

- a) Resolverase o contrato.
- b) Continuará a execución do contrato.
- c) Suspenderase temporalmente a execución do contrato.

65. De conformidade co artigo 99.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o obxecto dos contratos do sector público deberá ser:

- a) Imposible.
- b) Indeterminado.
- c) Determinado.

66. Segundo o artigo 100.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para os efectos desta lei, por orzamento base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído:

- a) O imposto sobre actividades económicas.
- b) O imposto sobre o valor engadido, en todo caso.
- c) O imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.

67. Segundo o artigo 101.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a elección do método para calcular o valor estimado non poderá efectuarse coa intención de subtraer o contrato:

- a) Á aplicación das normas de adxudicación que correspondan.
- b) Á aplicación das normas de publicación que correspondan.
- c) Á aplicación das normas de execución que correspondan.

68. Segundo o artigo 101.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o método de cálculo aplicado polo órgano de contratación para calcular o valor estimado deberá figurar, en todo caso, en:

- a) Os pregos de cláusulas administrativas particulares.
- b) Os pregos de cláusulas administrativas xerais.
- c) Os pregos de prescricións técnicas.

69. De acordo co artigo 102.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos do sector público terán sempre un:

- a) Prezo incerto.
- b) Prezo certo.
- c) Prezo estimado.

SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

70. De conformidade co artigo 103.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a competencia para aprobar fórmulas tipo de revisión periódica e predeterminada corresponde:

- a) Ao órgano de contratación.
- b) Ao Consello de Ministros.
- c) Ao Ministerio da Presidencia.

71. De acordo co artigo 106.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no procedemento de contratación non procederá a esixencia de garantía provisional, salvo cando de forma excepcional o órgano de contratación, por motivos de:

- a) Interese público, o considere necesario e o xustifique motivadamente no expediente.
- b) Interese público, o considere necesario sen necesidade de xustificación no expediente.
- c) Interese particular, o considere necesario e o xustifique motivadamente no expediente.

72. De acordo co artigo 106.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos casos en que o órgano de contratación acordase a esixencia de garantía provisional, nos pregos de cláusulas administrativas particulares determinarase o importe desta, que:

- a) Non poderá ser superior a un 20 por 100 do orzamento base de licitación do contrato.
- b) Poderá ser superior a un 3 por 100 do orzamento base de licitación do contrato.
- c) Non poderá ser superior a un 3 por 100 do orzamento base de licitación do contrato.

73. De conformidade co artigo 107.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a garantía definitiva será:

- a) Dun 5 por 100 do prezo final ofertado.
- b) Dun 10 por 100 do prezo final ofertado.
- c) Dun 3 por 100 do prezo final ofertado.

74. De conformidade co artigo 323.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os órganos de contratación de Administración xeral do Estado son:

- a) Os subdirectores xerais.
- b) Os ministros e os secretarios de Estado.
- c) Os subsecretarios de Estado.

75. De conformidade co artigo 323.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a composición das Xuntas de Contratación fixarase:

- a) Por lei orgánica.
- b) Por lei.
- c) Regulamentariamente.

76. De acordo co artigo 324.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a autorización para contratar realizada polo Consello de Ministros deberá obterse:

- a) Antes da aprobación do expediente.
- b) Despois da aprobación do expediente.
- c) Despois de realizada a execución do contrato.

SUBGRUPO A1-TEMA 6-LEI 9/2017-GALEGO

77. Segundo o artigo 326.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a composición da mesa de contratación publicarase:

- a) No *Boletín Oficial do Estado*.
- b) No perfil de contratante do órgano de contratación correspondente.
- c) Nos taboleiros de anuncios das dependencias administrativas.

78. De conformidade co artigo 328.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado está adscrita ao:

- a) Ministerio de Facenda e Función Pública.
- b) Presidente do Goberno.
- c) Ministerio de Economía.

79. De acordo co artigo 334.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Estratexia Nacional de Contratación Pública terá un horizonte temporal de:

- a) 4 anos.
- b) 4 meses.
- c) 8 anos.

80. De conformidade co artigo 335.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en que prazo deben remitirse os contratos ao Tribunal de Contas?:

- a) Dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato.
- b) Dentro dos cinco meses seguintes á formalización do contrato.
- c) Dentro dos seis meses seguintes á formalización do contrato.